



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaje.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal
CIF: G15070451



DEPORTE
GALEGO

CIR-026/23

1ª FORMACIÓN PARA ADESTRADORES SOLO DANZA FGP 2023

A Federación Galega de Patinaxe a través do seu Comité de Patinaxe Artística convoca a 1ª formación para adestradores da modalidade de Solo Danza para os días 2 e 3 de decembro do 2023.

Esta convocatoria está orientada á formación de adestradores/as, non se centra en tecnificar a patinadores/as dun xeito específico (como viña sendo habitual ata o de agora). Polo que neste caso, os/as patinadores/as que estarán presentes na mesma, servirán de modelos para as explicacións e correccións da técnico encargada da formación a adestradores/as.

A formación será levada a cabo en dúas xornadas; sábado de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, donde se verán as Danzas Obrigatorias do 2024 e se analizarán os Key Points e outra xornada de domingo de 10:00 a 14:00 horas, no que se traballarán os elementos obrigatorios dos programas (Style Dance e Free Dance). Dita formación será impartida por Angélica Morales e terá lugar no pavillón San Xosé Obrero de Meicende (Travesía de Meirás 15140) do Concello de Arteixo.

Aqueles/as adestradores/as, con licencia federativa en vigor pola Federación Galega de Patinaxe, interesados/as en participar nesta formación deberán comunicalo ao Comité de Patinaxe Artística ata o mércores 29 de novembro do 2023.

Os patinadores escollidos que servirán como modelos serán os seguintes:

- Sábado 2 de decembro: Sofía Varela Novoa, Icíá Touza Pedre, Lucía Coence Zorrilla, Iago Vázquez Blanco, Alba Morales Pedreira, Carla Estraviz López, Andrea Lamas Rey, Joel Riveiro Díaz, Verónica Longueira Rouco, Brais Cano Fariñas, Enya Rodríguez Rodríguez y María Bilbao Palomo.

- Domingo 3 de decembro: Joel Ribeiro Díaz, Iago Vázquez Blanco, Enya Rodríguez Rodríguez, Ángel Lorenzo Castañeda, Iago Cacheiro Seoane, Verónica Longueira Rouco, Brais Cano Fariñas y María Bilbao Palomo.

A asistencia de ditos patinadores non será de carácter obrigatorio, polo que se roga confirmar a participación.

Comité de Patinaxe Artística

Vigo, 16 novembro 2023